



LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, sobre o **CONTROL DA FAUNA URBANA**, coa finalidade de que se elabore un plan municipal para a xestión das colonias felinas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un país, unha civilización pódese xulgar pola forma en que trata aos seus animais". Mahatma Gandhi

A protección animal e o control da fauna urbana son unha das tarefas nas que o labor do goberno municipal, ao longo de máis de tres lustros, é francamente mellorable.

O continuo abandono de gatos domésticos unido á súa capacidade reprodutiva orixina colonias descontroladas de gatos vagabundos en zonas urbanas que non son aptas para a súa supervivencia, ocasionando molestias e conflitos aos veciños do municipio.

O control reprodutivo mediante a aplicación de programas de **captura, esterilización e solta (CES)** é a solución avalada por numerosos traballos de investigación; entre eles os do Grupo de Estudos de Medicina Felina (GEMF), da Asociación de Veterinarios Españóis Especialistas en Pequenos Animais (AVEPA) e da OMS. A aplicación deste programa supón unha boa política de control da poboación felina desde o punto de vista da saúde pública e do benestar animal e é bo complemento doutras medidas de potenciación da tenencia responsable de animais.

Unha colonia de gatos esterilizada xoga un papel importante no **control de roedores** da zona. Ademais de mellorar as condicións sanitarias da propia colonia, os programas CES favorecen a hixiene da contorna ao reducir as condutas propias dos gatos non esterilizados. Alí onde se extermina traumáticamente unha colonia, esta volve reproducirse e a poboación recuperarase a través dun fenómeno natural coñecido como "o efecto baleiro".

As evidencias científicas demostran que o **contaxio de gatos a persoas é altamente improbable** seguindo unhas normas básicas de hixiene. Aínda así, o CES é un programa sanitario que permite que os gatos da rúa estean sans, desparasitados, e NON constitúan ningún perigo para os cidadáns, nin para a Saúde Pública.

2. **Incrementar no orzamento municipal a partida de esterilización** das colonias felinas, ata cubrir a totalidade das necesidades e a totalidade do ano.

3. **Promover campañas de concienciación** contra o abandono (un problema especialmente grave en zonas como Pasarón ou Médico Ballina), o maltrato e o envelenamento de animais domésticos, mediando ademais entre a veciñanza e os posibles alimentadores.

Pontevedra, 8.4.2016

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra



Luís Rei Núñez